

**INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES  
MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR (SOBRE A) DAS OFERTAS  
PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO  
SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN E  
DIRECCIÓN DOS PROXECTOS DE RENOVACIÓN DAS  
INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTES  
CO EXPTE PRD5000-2021-000382 DENTRO DA CONVOCATORIA DE  
AXUDAS PARA INVERSIÓN A PROXECTOS SINGULARES LOCAIS  
DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO  
(PROGRAMA DUS 5000)**

Servizo de Cooperación

Xuño 2024



## Contido

1.	Antecedentes.....	3
2.	Contido da oferta técnica e requisitos esixidos nos pregos .....	6
3.	Ofertas presentadas e verificación do cumprimento dos requisitos dos pregos.....	9
4.	Análise das ofertas segundo os criterios establecidos e valoración .....	11
4.1.	Conclusións da análise das ofertas presentadas .....	19



## 1. Antecedentes

O goberno de España aproba en abril de 2021 o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que traza a folia de ruta para a modernización da economía española. Este plan foi aprobado pola Comisión Europea o pasado 16 de Xuño de 2021 e polo Consello da Unión Europea o 13 de xullo de 2021.

Entre os seus obxectivos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) está a descarbonización, investindo en infraestruturas verdes, de xeito que se transite desde as enerxías fósiles ata un sistema enerxético limpo, sendo a transición ecolóxica un dos seus catro eixes transversais, todo iso en consonancia con Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, remitido á Comisión Europea en marzo de 2020, que proporciona o marco director do programa de inversións e reformas para unha transición medioambiental xusta que desenvolva as capacidades estratéxicas da economía verde.

De forma transversal no Plan PRTR articulouse un conxunto de 130 medidas para o reto demográfico orientado a zonais rurais e pequenos municipios, entre elas, as incluídas dentro do Compoñente 2, denominado «Implementación da Axenda Urbana española: Plan de rehabilitación de vivenda e rexeneración urbana». Dentro da inversión C2. I4 «Programa de rexeneración e reto demográfico» prevista por dito compoñente 2 inclúese, como unha liña de actuación, o Programa de axudas a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (en adiante, PROGRAMA DUS 5000).

O PROGRAMA DUS 5000 está dirixido ao impulso de iniciativas públicas de mellora da eficiencia enerxética en edificios (cun aforro de enerxía primaria de, polo menos, o 30 %, acreditado mediante certificados de eficiencia enerxética) e infraestruturas públicas, de fomento dos investimentos verdes e, en particular, do autoconsumo, así como de mobilidade sostible, e garantindo a participación dos municipios no despregamento da infraestrutura de recarga e impulso do vehículo eléctrico, e medidas de aforro enerxético e redución da contaminación lumínica mediante a mellora da iluminación pública.

A convocatoria de axudas (PROGRAMA DUS 5000), definida no RD692/2021, do 3 de Agosto, contempla a concesión directa de axudas destinadas a subvencionar os investimentos que se realicen polas entidades locais beneficiarias para a implementación do programa de axudas a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de ata 5.000 habitantes ou municipios non urbanos de ata 20.000 habitantes nos que todas as súas entidades singulares de poboación sexan de ata 5.000 habitantes.

A Deputación Provincial de Pontevedra, tomando como base as súas disposicións legais sobre réxime local e contando co compromiso da maior parte dos municipios da provincia presenta a esta



convocatoria de axudas (RD692/2021, do 3 de Agosto), no ámbito da mellora das instalacións de iluminación exterior, o proxecto indicado na seguinte táboa.

Nombre	Denominación do proxecto IDAE	Presupuesto total (IVA incluído)	Fecha de resolución da concesión	Municipios en fase de concesión
Iluminación exterior sostenible XV	PR-D5000-2021-000382	1.198.617,12 €	9/8/2023	A Cañiza Cerdedo- Cotobade Cuntis Dozón Fornelos de Montes Pontecesures Ribadumia Rodeiro Silleda Tomiño

Táboa 1. Proxecto presentado ao IDAE e orzamento.

A aportación ao financiamento para cada unha das actuacións previstas en cada concello, e que compoñen o proxecto presentado ao IDAE, refléxase na táboa exposta a continuación:

Aportación ao financiamento das actuacións en cada concello		
FEDER	Deputación de Pontevedra	Concello
Máx. 85 %	8 %	7 %

As obras de renovación de instalacións de iluminación exterior en cada un dos concellos citados na táboa 1 describiranse nos correspondentes proxectos técnicos. A elaboración de cada un destes proxectos de renovación das instalacións de iluminación, xunto coa dirección de obra



asociada, contrátase mediante o procedemento denominado “ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN E DIRECCIÓN DOS PROXECTOS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTES CO EXPTE PRD5000-2021-000382 DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA INVERSIÓN A PROXECTOS SINGULARES LOCAIS DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000)” ao que o presente documento pertence. Sendo obxecto deste informe a valoración das ofertas presentadas polas empresas interesadas na prestación de dito servizo en base ós criterios avaliábeis mediante xuízo de valor que se recollen no PCAP.

Concretamente, recibíronse ofertas das empresas que se indican na seguinte táboa:

Denominación da empresa	CIF	Denominación abreviada
FACILITA Ingeniería, S.L.	B70501317	FACILITA
LETTER INGENIEROS S.L.	B19522028	LETTER INGENIEROS
PROYESTEGAL S.L.	B27159730	PROYESTEGAL
SERTO GAL, S.L.	B32164782	SERTO GAL

Os documentos que se refiren á oferta técnica, contida no sobre A, será o obxecto a valorar neste informe.



## 2. Contido da oferta técnica e requisitos esixidos nos pregos

Segundo o establecido no apartado d da cláusula 8 referida ao contido dos sobres, indícase que, o sobre A conterá, ademais da documentación administrativa, os documentos correspondentes á proposta avaliable mediante criterios que precisan un xuízo de valor (oferta técnica).

Remitíndonos a esta cláusula a proposta técnica conterá:

1. Índice: Deberase incluír un índice que enumere os contidos da proposta técnica que seguirá a correcta numeración das follas.
2. Descrición xeral da proposta. Deberase analizar a problemática para resolver desde a fase inicial de redacción dos proxectos ata a presentación da documentación final, principais procesos, os condicionantes externos e as posibles variables a ter en conta xustificando a metodoloxía para empregar. Farase especial referencia aos requisitos técnicos da convocatoria de subvencións e do Regulamento electrotécnico de baixa tensión aprobado por RD 842/2002, de 2 de agosto (en adiante REBT) cuxo cumprimento presenta maior problemática. Dentro deste apartado da oferta deberá incorporarse un resumo dos puntos máis importantes da mesma, en especial os que melloren as condicións mínimas do prego técnico e sexan máis adecuados ás instalacións obxecto de actuación e ao seu estado actual.

Así mesmo, incorporarase un organigrama xeral con detalle das actividades, accións e tarefas necesarias para a execución dos traballos nun formato comprensible onde se indique a súa priorización e programación no tempo. Prestarase especial atención aos aspectos relacionados coa planificación e organización dos traballos, con identificación e priorización das tarefas, responsabilidades e asignación dos recursos técnicos e humanos ás mesmas, así como, o seguimento do proxecto a nivel técnico e de forma global.

3. Metodoloxía de traballo. Neste apartado o licitador deberá detallar:
  - a. Metodoloxía de toma de datos: Deberá detallar de forma clara e concisa a metodoloxía a empregar para a realización dos traballos de toma de datos definindo ao detalle, as actividades e tarefas a desenvolver e os seus prazos. Concretará o alcance dos traballos de toma de datos e os parámetros para analizar; así como, a información para presentar. No detalle da metodoloxía farase especial fincapé no tempo das tarefas e os recursos humanos participantes no mesmo, así como no tipo de parámetros que se medirán e os medios técnicos a empregar, entre outros aspectos.
  - b. Metodoloxía de comprobación de resultados: Deberá detallar de forma clara e concisa a metodoloxía a empregar para garantir que todos os equipos presentan un correcto funcionamento. Así mesmo comprobarase que os parámetros alcanzan os



valores indicados no proxecto. Definiranse con detalle os recursos humanos e os medios técnicos utilizados. Deberase comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria de subvencións do IDAE.

- c. Metodoloxía do cálculo lumínico: Describírase a metodoloxía para seguir desde a captura de datos en terreo ata a obtención dos resultados finais xustificando os procedementos e lexislación sobre os que se sustenta. Identifícaranse os medios materiais e as súas características. Farase especial fincapé no alcance da simulación lumínica e nos datos de base que se utilizan para o cálculo lumínico.

#### 4. Entregables e a súa descrición

Neste apartado o licitador deberá detallar os entregables que son obxecto da licitación e que se requiran no PPT, así como aqueles que esixa o IDAE.

O seguimento desta estrutura é fundamental. Tal como se indica no PCAP: “No caso de non seguir a estrutura ou o formato indicado, e que a forma de presentación dificulte ou provoque confusión á hora de localizar a documentación solicitada, imposibilite a comparación coas demais ofertas ou provoque vantaxes á empresa, e, polo tanto, non permita valorar a oferta de maneira clara e precisa, e respondendo o principio de igualdade na aplicación dos criterios de adxudicación, a mesa de contratación poderá excluír á mesma do proceso de licitación”.

Cítase ademais no PCAP, que “Na documentación que se presente no sobre A non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliábeis de xeito automático (sobre B). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento.

Tal como se indica no apartado 10.1 do PCAP **Enumeración dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor**, as propostas presentadas puntuaranse cun **máximo de 40 puntos**, de conformidade cos seguintes criterios:

#### 1. Calidade técnica de la memoria explicativa ata un máximo de 19 puntos.

Para a valoración deste criterio teranse en conta os seguintes subcriterios:

- a) Nivel de coñecemento e concreción (máximo 8 puntos)
- b) Aspectos relevantes da oferta (máximo 5 puntos)
- c) Planificación e organización (máximo 6 puntos)

- a. Nivel de coñecemento e concreción (máximo 8 puntos).

Valoraranse os seguintes aspectos:

O bo coñecemento da problemática na execución material e dos condicionantes externos.



A adecuada xustificación da metodoloxía indicada para a execución do proxecto.

A correcta identificación da problemática para o cumprimento dos requisitos técnicos da convocatoria de subvencións (Real Decreto 692/2021, 3 de agosto).

A correcta indentificación da problemática para o cumprimento dos requisitos REBT.

**b. Aspectos relevantes da oferta (máximo 5 puntos)**

Valoraranse os seguintes aspectos:

A precisión na identificación dos aspectos relevantes e os seus condicionantes:

Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións.

As medidas que favorezan un correcto mantemento das instalacións.

Nivel de coñecemento da tipoloxía e estado actual das instalacións.

O grao de mellora ás condicións mínimas do prego técnico.

**c. Planificación e organización, (máximo 6 puntos).**

Valoraranse os seguintes aspectos:

A correcta planificación e organización dos traballos.

A precisión na identificación das tarefas, responsabilidades e na asignación dos

recursos técnicos e humanos ás mesmas.

A presentación dun organigrama e o nivel de detalle do mesmo.

**2. Metodoloxía de toma de datos, ata un máximo de 8 puntos.**

Valoraranse os seguintes aspectos:

- Nivel da análise do estado inicial indicando as medicións para realizar e documentación que se presentará previamente a redactar os proxectos.
- Nivel de dedicación previsto para as visitas ás instalacións e a toma de datos.
- A concreción de todos e cada un dos traballos e xestións que o licitador desenvolva.
- A calidade dos medios materiais, así como, a súa adecuación en tipoloxía e cantidade.

**3. Metodoloxía de comprobación de resultados, ata un máximo de 7 puntos.**

Valoraranse os seguintes aspectos:





- A efectividade da metodoloxía a empregar para controlar o cumprimento dos niveis de calidade especificados no deseño de proxecto.
- A adecuada definición e organización das medicións e comprobacións a realizar nas instalacións unha vez executados todos os traballos.
- A correcta xustificación da metodoloxía seleccionada indicando bases legais e procedementos validados.

#### **4. Metodoloxía de cálculo lumínico, ata un máximo de 6 puntos.**

Valoraranse os seguintes aspectos:

- O nivel de exactitude nos datos para utilizar como base para o cálculo lumínico, así como, a calidade e adecuación dos medios materiais que se empregarán.
- A realización de modelizacións completas en 3D incluíndo a topografía e os báculos.
- A correcta xustificación da metodoloxía descrita indicando bases legais e procedementos validados.

Cabe destacar que, segundo se indica no último parágrafo do apartado 10.1 do PCAP, os licitadores para continuar no proceso selectivo deben **acadar un mínimo do 50% da puntuación máxima asinable mediante un xuízo de valor.**

Sentado o anterior, procédese á revisión técnica da documentación presentada por cada licitador:

#### **3. Ofertas presentadas e verificación do cumprimento dos requisitos dos pregos**

As empresas interesadas e que presentaron oferta á presente contratación son as recollidas na seguinte táboa:



Denominación da empresa	CIF	Denominación abreviada
FACILITA Ingeniería, S.L.	B70501317	FACILITA
LETTER INGENIEROS S.L.	B19522028	LETTER INGENIEROS
PROYESTEGAL S.L.	B27159730	PROYESTEGAL
SERTO GAL, S.L.	B32164782	SERTO GAL

Previamente á valoración das memorias presentadas polas empresas licitadoras cabe comprobar a documentación da proposta técnica e a súa conformidade co recollido nos pregos.

As ofertas técnicas presentadas polas empresas FACILITA, LETTER INGENIEROS e PROYESTEGAL compren os requisitos esixidos nos pregos. O contido dos arquivos, estrutura e formato axústase as características solicitadas.

Por outra banda, a proposta técnica da empresa SERTO GAL non cumpre cos requisitos dos pregos. A empresa non segue a estrutura e non presenta os puntos que se solicitaban. O seu contido tamén presenta grandes carencias e non aporta información sobre aspectos fundamentais do contrato. Observados este feitos, sen prexuízo do que decida a Mesa de Contratación, realízase a avaliación das ofertas recibidas polas catro empresas.



#### 4. Análise das ofertas segundo os criterios establecidos e valoración

Exponse a continuación a valoración das ofertas numeradas segundo os criterios mencionados.

- **Calidade técnica da memoria explicativa, ata un máximo de 19 puntos.**
  - **Nivel de coñecemento e concreción, ata un máximo de 8 puntos.**

##### 1) FACILITA.

A empresa identifica claramente os aspectos fundamentais que se deben cumprir no referido ós regulamentos de aplicación e a normativa, a vez que, xustifica adecuadamente a metodoloxía. Ponse especial relevancia ao cumprimento das esixencias do IDAE, entre elas, á publicidade dos fondos.

Destácanse aspectos concretos das instalacións para o cumprimento do REBT como os postes de madeira identificados. Do mesmo xeito, sinala algún punto de luz xa renovado e como se debe tratar dentro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, que regula a convocatoria de subvencións.

**A valoración é de 7,5 puntos.**

##### 2) LETTER INGENIEROS.

Na proposta preséntase unha análise xeral das zonas de actuación e dos condicionantes para a execución do proxecto.

Entre os condicionantes destácase a xestión do tráfico e posibles problemas para a correcta iluminación de vías con dimensións pouco habituais considerando a interdistancia existente dos puntos de luz. Para estes condicionantes propóñense varias solucións.

Faise mención á normativa pero de forma xeral e non se desenvolve e se aplica ás instalacións a renovar.

As referencias a posibles incumprimentos do regulamento da convocatoria de subvencións son moi puntuais e erróneas nalgúns casos.

**A valoración é de 4 puntos.**



### 3) PROYESTEGAL.

A empresa mostra un notable coñecemento desta tipoloxía de proxectos pero a súa oferta resulta xenérica e non se adapta ás instalacións a reformar. Do mesmo xeito, a oferta expón algúns problemas que teñen unha clara implicación no proxecto pero estes non son específicos das instalacións do proxecto.

As referencias ao REBT e ao Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumado exterior son suficientes e xustifican adecuadamente a metodoloxía exposta. Porén son escasas as mencións ao RD 692/2021 e aos posibles problemas para o cumprimento do mesmo. Destácase sobre todo a revisión das redes de terra e o cumprimento dos valores do REBT.

**A valoración é de 5,5 puntos.**

### 4) SERTO GAL.

A información provista é moi breve e a empresa non demostra un coñecemento da problemática e dos condicionantes externos. Tampouco se reflexan problemas para cumprir a normativa e só se citan circunstancias xerais.

**A valoración é de 1 punto.**

- ***Aspectos relevantes da oferta, ata un máximo de 5 puntos.***

### 1) FACILITA.

A empresa mostra un alto nivel do coñecemento do estado actual das instalacións e das súas características. Preséntase unha ampla reportaxe fotográfica que inclúe fotos de detalle. Preséntanse varias melloras sinxelas e adaptadas as instalacións do proxecto e que aportan un valor significativo.

As medidas propostas para facilitar o mantemento das luminarias e os cadros son correctas e adecuadas.

**A valoración é de 4 puntos.**



## 2) LETTER.

A oferta non presenta puntos que destaquen notablemente pero mostra un coñecemento xeral das instalacións e da tipoloxía.

A oferta tampouco presenta medidas significativas que faciliten o mantemento.

Como punto a destacar a empresa propón a plataforma de xestión de proxectos Gesletter.

**A valoración é de 2 puntos.**

## 3) PROYESTEGAL.

Como aspecto máis sobresaínte da oferta destaca a utilización de sistemas LIDAR para a modelización do entorno viario con calidade topográfica.

A empresa conta con software que permite unha optimización dos tempos e dos recursos como o software ERP corporativo e o programa para xeración de pregos técnicos acorde ao proxecto técnico.

Non se explican medidas para a mellora da eficiencia enerxética ou que faciliten o mantemento.

**A valoración é de 3 puntos.**

## 4) SERTO GAL.

A proposta da empresa non presenta aspectos relevantes e mostra un coñecemento superficial sobre o estado actual das instalacións.

**A valoración é de 1 puntos.**

- **Planificación e organización, ata un máximo de 6 puntos.**

## 1) FACILITA.

A planificación presentada é correcta e está moi detallada cunha descomposición en accións e tarefas. Inclúese, entre as fases de redacción e a de dirección, a asistencia durante a avaliación das ofertas das empresas instaladoras.



Para cada unha das tarefas indícanse os equipos que interveñen pero o organigrama presentado co persoal é algo xenérico.

**A valoración é de 5 puntos.**

**2) LETTER.**

A empresa expón de forma pormenorizada e cunha orde adecuada os traballos a realizar pero cunha baixa asignación de recursos nalgúns casos.

Preséntase un diagrama de Gantt por cada unha das fases e indícase para cada unha das tarefas o persoal que intervéen.

**A valoración é de 5 puntos.**

**3) PROYESTEGAL.**

A organización dos traballos recóllese nun diagrama de Gantt cun nivel medio de detalle que se corresponde axeitadamente cos traballos a realizar.

Especifícanse os recursos humanos para cada unha das tarefas e os medios materiais.

**A valoración é de 5 puntos.**

**4) SERTO GAL.**

A organización presentada pola empresa límitase a unha breve descrición dos pasos a seguir e non fai referencia ós medios materias nin ás responsabilidades do persoal.

**A valoración é de 1 puntos.**

- **Metodoloxía de toma de datos, ata un máximo de 8 puntos.**

**1) FACILITA.**

A empresa licitadora expón de forma detallada a súa metodoloxía de toma de datos, concretando os traballos e xestións a realizar. Entre outros aspectos a empresa explica como revisará as instalacións de posta a terra, e como realizará as medicións de illamento do cableado e de resistividade do terreo. En xeral, a metodoloxía exposta é bastante completa, pon especial relevancia na seguridade das persoas e o nivel de análise é suficiente e acorde ao proxecto.



Os medios materiais non son tan completos nin eficientes como os propostos pola empresa PROYESTEGAL en especial os referidos á toma de datos xeomáticos pero son suficientes. Para a realización das visitas e a toma de datos propón dous equipos para os que define concretamente as tarefas que realizarán. Porén non se precisa o nivel de dedicación do persoal.

**A valoración é de 5,5 puntos.**

## 2) LETTER.

A metodoloxía descrita recolle aspectos interesantes como a análise enerxética ou o estudo das rúas problemáticas pero resulta imprecisa porque está moi baseada en documentación previa e non concreta o alcance das medicións. Asemade, non presenta un nivel tan alto de tecnificación como a oferta da empresa PROYESTEGAL. Segundo o tempo indicado e o persoal que se relaciona está prevista a asignación dunha baixa dedicación a esta metodoloxía.

As características das instalacións a recopilar incluíndo as canalizacións, así como, as medicións a realizar propostas pola empresa son adecuadas ao proxecto. Porén, non se explica en detalle a captación dos datos xeomáticos.

Os medios materiais descritos son adecuados pero son pouco eficientes.

**A valoración é de 4 puntos.**

## 3) PROYESTEGAL.

A metodoloxía presentada pola empresa aporta un alto nivel de precisión e eficiencia. O modelo de datos GIS é bastante completo e recolle un grande número de características físicas e lumínicas. Aprécianse certas carencias nas medicións eléctricas a realizar e no estudo das canalizacións. Destaca de xeito significativo o sistema xeomático LIDAR proposto que permite unha modelización en 3D dos viais con alta precisión. Ademais este sistema complementase coa cámara de 360º e o sistema luxométrico formado por 3 sondas.

O sistema proposto de adquisición de datos supón un aforro de tempo fronte as metodoloxías propostas polos licitadores anteriores. A empresa explica de xeito detallado como se poñen en marcha os sistemas, como se procesan os datos recollidos para a modelización completa en GIS dos viais e os seus elementos.

**A valoración é de 7 puntos.**



#### 4) SERTOGAL.

A proposta técnica presentada pola empresa non describe a metodoloxía de toma de datos a seguir. Na oferta cítanse conceptos xerais como calidade da iluminación ou eficiencia enerxética pero non se explican. Deste xeito, a oferta resulta moi imprecisa e pouco fiable.

**A valoración é de 1 punto.**

- **Metodoloxía de comprobación de resultados, ata un máximo de 7 puntos.**

##### 1) FACILITA.

A metodoloxía proposta é moi completa e específica os documentos e as características que se controlarán como os ángulos de inclinación das luminarias e a súa altura entre outros.

As comprobacións que se levarán a cabo están adecuadamente organizadas e ponse especial relevancia ao control do aforro enerxético e a cualificación enerxética.

A proposta ,en xeral, fai referencia á base legal e ós requisitos a considerar; ademais, define a aplicación da normativa nos procedementos expostos.

**A valoración é de 5,5 puntos.**

##### 2) LETTER.

A metodoloxía de verificación dos resultados exposta só resulta efectiva para o control parcial do proxecto porque está demasiado enfocada nos parámetros lumínicos e nas luminarias.

Na proposta indícanse as verificacións a realizar polo propio instalador e por un O.C.A. pero non se detallan as comprobacións eléctricas a realizar pola propia empresa.

No referido as comprobacións lumínicas, en xeral, cítase a normativa de referencia e defínense os procedementos a seguir pero non se explica o criterio para realizar o mapa lumínico. Existen referencias a outras convocatorias de subvencións e a requisitos que non se axustan ao proxecto actual.





**A valoración é de 3 puntos.**

**3) PROYESTEGAL.**

A metodoloxía proposta explica claramente como se realizará o control de parámetros eléctricos, físicos e lumínicos importantes para un correcto control das obras. Porén, na oferta non se xustifica o cumprimento dos requisitos particulares da convocatoria de subvencións. Asemade, as comprobacións están correctamente organizadas e contan cun equipo completo e cualificado, e cos recursos técnicos necesarios que na súa maioría son de alta calidade.

Os procedementos están adecuadamente xustificadas coa súa base legal e explícanse os valores a cumprir nas magnitudes medidas aínda que non se adaptan completamente ás instalacións de alumado do proxecto.

**A valoración é de 5 puntos.**

**4) SERTOGAL.**

A empresa cita aspectos xerais a considerar pero non explica a metodoloxía de comprobación de resultados a seguir. Tamén se mencionan algúns medios materiais a utilizar e de forma moi breve a normativa de aplicación. A proposta resulta moi incompleta e indefinida.

**A valoración é de 1 puntos.**

- **Metodoloxía de cálculo lumínico, ata un máximo de 6 puntos.**

**1) FACILITA.**

A empresa propón a realización do cálculo lumínico de xeito moi particularizado, en base a un grande número de medicións e incluíndo as características das beirarrúas. As simulacións propostas son moi completas e abranguen o entorno dos viais.

Na descrición da metodoloxía identifícanse e explícanse as diferentes fases e, para cada unha delas, xustifícase adecuadamente o procedemento seguido en base a normativa de aplicación. Para as instalacións deportivas defínese de xeito particular o procedemento a seguir e os valores a considerar segundo a normativa de aplicación.



**A valoración é de 5 puntos.**

**2) LETTER.**

A metodoloxía proposta, en xeral, está descrita e xustificada en base a lexislación de aplicación pero non se especifican os datos de partida que se utilizan. Dentro deste apartado inclúense aspectos que non son de aplicación e non se explican as simulacións propostas.

A agrupación das distintas situacións en viales tipo e as simulacións presentadas adecúanse ao alcance do proxecto porén non se presentan simulacións en 3D e descoñécense os recursos materiais que se utilizarán.

**A valoración é de 3,5 puntos.**

**3) PROYESTEGAL.**

A empresa licitadora describe de forma estruturada e identificando a normativa de aplicación en cada procedemento a metodoloxía a seguir. Especificase a normativa base pero existen referencias a decretos anteriores. Os datos base que se utilizarán son precisos pero a metodoloxía resulta xenérica e non se aplica de forma concreta ás zonas de actuación. Algúns dos recursos a utilizar non representan produtos de alta calidade hoxe en día. Durante a descrición da metodoloxía preséntanse algunhas simulacións pero non se especifica o alcance final das mesmas.

**A valoración é de 4 puntos.**

**4) SERTO GAL.**

A empresa SERTO GAL no documento presentado menciona conceptos e factores a considerar que non se aplican nin se describen. Existen moitos aspectos sobre os cálculos lumínicos que non se tratan.

**A valoración é de 1 puntos.**



#### 4.1. Conclusións da análise das ofertas presentadas

Á vista do exposto no apartado anterior, logo de analizar a documentación presentada por cada un dos licitadores e tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos pregos e o seu peso na valoración, achégase a seguinte táboa a modo de resumo da valoración.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR					
	Puntuación máxima	FACILITA	LETTER INGENIEROS	PROYESTEGAL	SERTO GAL
1 Calidade técnica da memoria explicativa	19	16,5	11	13,5	3
2 Metodoloxía de toma de datos	8	5,5	4	7	1
3 Metodoloxía de comprobación de resultados	7	5,5	3	5	1
4 Metodoloxía cálculo lumínico	6	5	3,5	4	1
<b>TOTALES</b>	<b>40</b>	<b>32,5</b>	<b>21,5</b>	<b>29,5</b>	<b>6</b>

Cabe destacar, a continuación, que a empresa SERTO GAL non acada o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre A) para continuar no proceso selectivo. Asemade, esta empresa presenta os incumprimentos indicados anteriormente e a mesa de contratación decidirá sobre a súa exclusión do procedemento de adxudicación.

A empresa mellor valorada foi **FACILITA INGENIERIA, S.L. con 32,5 puntos**

O que se informa aos efectos oportunos.

O Enxeñeiro Técnico Industrial	O Enxeñeiro de Proxectos do Servizo de Cooperación
Ángel López Sampayo	Alejandro Marín Gómez-Nieves

